

OFICIALÍA MAIOR
SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ANUNCIO DO XURADO DA XVII EDICIÓN DO PREMIO ROSALÍA DE CASTRO DE LINGUA 2026

De acordo co establecido na base sexta da convocatoria do XVII Premio Rosalía de Castro da Lingua 2026, por Resolución da Presidencia número 18211 do 27 de abril de 2026, foi nomeado o xurado do premio, que queda composto polas persoas seguintes:

Presidenta: Sol Agra Tuñas, Deputada Delegada Especial de Lingua

Vogais: Xosé Ramón Freixeiro Mato
Álvaro López García
Irma Silva Hervella

Secretaria: Dores Sánchez Alegre, xefa da Sección de Normalización Lingüística, ou, no caso da súa ausencia, Beatriz Vilaverde Santamariña, técnica de normalización lingüística

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente